

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO USO TEMPORAL DE EDIFICIOS, LOCAIS E INSTALACIONS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE CASTRELO DO VAL.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O uso temporal ou esporádico de edificios, locais e instalacións municipais, tanto por particulares como por asociacións, configúrase na actualidade como clave no proceso de construción dunha sociedade máis participativa e máis democrática e como factor esencial para o progreso social. Así, este Concello desprega a súa acción de fomento do tecido asociativo, solucionando as necesidades de particulares e asociacións a través da autorización para o uso especial do dominio público municipal. Preténdese, pois, promocionar a realización de actividades auto-xestionadas de interese social coa cesión do uso de locais e equipamentos que sexan de titularidade municipal.

Polo que este Concello atendendo ao principio de autonomía local e as competencias que lle corresponden conforme ao artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, considera necesaria a regulación desta Ordenanza reguladora do uso temporal de edificios, locais e instalacións municipais.

Todo elo ven a xustificar a adecuación da norma aos principios de boa regulación previstos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumprindo con elo a obriga das Administracións Públicas de actuar de acordo cós principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

1. A presente Ordenanza Municipal ten como obxecto a regulación do uso temporal por asociacións, entidades e/ou particulares dos edificios, locais e instalacións municipais que se relacionan no anexo I desta norma para a realización de actividades culturais, sociais, etc.

2. As normas da presente Ordenanza serán de aplicación a todos os edificios locais e instalacións municipais susceptibles de utilización por particulares e asociacións, sempre que non contén cunha Ordenanza específica do mesmo obxecto ou o uso do local, edificio ou instalación municipal estivese regulada por un contrato específico.



3. Do mesmo xeito, queda fóra do ámbito obxectivo da presente Ordenanza o uso de locais, edificios ou instalacións municipais cando ésta estivese regulada por lei.

ARTIGO 2. RÉXIME XURÍDICO.

1. De acordo có preceptuado no artigo 92.1 da Lei 30/2003, de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas (LPA), o uso de espazos e materiais dos edificios, locais e instalacións municipais configúrase como un uso especial de bens de dominio público adscritos ao servizo público, sometido, en consecuencia, a autorización administrativa, e sempre supeditado a súa dispoñibilidade, unha vez cubertas as necesidades da programación propia do concello de Castrelo do Val.

2. A autorización para o uso de espazos e materiais dos edificios, locais e instalacións municipais é unha decisión discrecional do Concello, que supón o uso especial dun espazo público, polo que a súa autorización deberá supeditarse a criterios de minimización do uso privado fronte ao público, debendo prevalecer, nos casos de conflito, a utilización pública de dito espazo e ao interese xeral dos veciños e veciñas.

TÍTULO II. NORMAS REGULADORES DO USO DOS EDIFICIOS, LOCAIS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS.

ARTIGO 3. USUARIOS.

1. Poden acceder ao uso temporal dos edificios, locais e instalacións municipais para o desenvolvemento de actividades sen ánimo de lucro, con carácter xeral, as persoas físicas e/ou xurídicas.

2. As asociacións sen ánimo de lucro, ou calquera outra entidade que teña por obxecto a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños e veciñas, cuxos fins non sexan exclusivamente mercantís, deberán estar legalmente constituídas e inscritas nos correspondentes rexistros, ademais de contar cun seguro de responsabilidade civil para reparar os posibles danos que poda causar a terceiros o exercicio das actividades propias da asociación.

3. As persoas xurídicas únicamente poderán solicitar autorización para o uso especial dos espazos e materiais dos edificios, locais e instalacións municipais para a realización de exposicións, conferencias, presentación de libros e outras expresións artísticas, sempre e cando non exista transacción económica



algunha relacionada con dita actividade.

4. As persoas físicas poderán solicitar a pertinente autorización non só para a realización das actividades sinaladas no apartado anterior, tamén para celebracións privadas ou outras actividades que incentiven a socialización dos veciños e veciñas, có cumprimento estrito da normativa esixida en cada momento, facéndose responsables dos posibles danos persoais e/ou materiais que podan producirse da actividade realizada.

5. O concello, terá prioridade no uso dos edificios, locais e instalacións municipais, aínda cando o uso dos mesmo fose cedido temporalmente, debendo de avisar ao beneficiario cunha antelación mínima suficiente necesaria.

6. As iniciativas solicitadas por grupos políticos, sindicatos, entidades e asociacións mercantís ou profesionais sobre o uso dos espazos e recursos, poderán ser ou non autorizadas.

ARTIGO 4. SOLICITUDES.

1. As persoas físicas ou xurídicas interesadas no uso de edificios, locais e instalacións municipais deberán de obter autorización do Concello de Castro do Val con carácter previo, debendo solicitar o uso do espazo no rexistro de entrada municipal.

2. O procedemento comezará pola solicitude do interesado no modelo que figura no Anexo II desta ordenanza, o cal poderá obterse nas dependencias municipais. As solicitudes estarán dispoñibles igualmente na páxina web municipal, Na propia instancia, ademáis dos datos esixidos no artigo 70.1 da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, faranse constar os seguintes extremos:

- 4.2.1. Datos da persoa solicitante (asociación, entidade ou persoa física).
- 4.2.2. Duración do uso do espazo, indicando data e hora do inicio do uso e data e hora do fin da utilización prevista.
- 4.2.3. Indicación do edificio, local ou instalación solicitada.
- 4.2.4. Actividade que se levará a cabo ou finalidade da cesión do uso.
- 4.2.5. Número aproximado de participantes.
- 4.2.6. Datos persoais dun ou varios responsables, que participen no desenvolvemento das actividades previstas.

3. As solicitudes presentaranse, cunha antelación mínima en relación á



actividade a desenvolver de quince (15) días hábiles, de forma que se poda facer un uso coordinado dos espazos dispoñibles. Calquera solicitude que non respete éste período de tempo deixará de ser atendida polo Concello de Castrelo do Val, salvo circunstancias excepcionais.

4. Previa á concesión da autorización de uso, o Concello de Castrelo do Val poderá solicitar cantos documentos, informes ou aclaracións complementarias que considere oportuno, podendo ser denegado o uso de modo motivado conforme ao establecido nesta ordenanza.

5. Cando sexan varias as persoas solicitantes dun mesmo espazo, o Concello de Castrelo do Val priorizará o uso conforme ao obxecto da petición realizando un informe motivado sobre a súa priorización.

ARTIGO 5. NORMAS DE USO.

5.1. As persoas solicitantes que obteñan autorización, deberán de facer uso dos edificios, locais e instalacións municipais atendendo a súa natureza e destino, e de forma que non se ocasione aos mesmos dano ou menoscabo algún, sen perxuízo do desgaste que poda producirse polo uso normal, adecuado e razoable atendendo ao fin para o cal foi solicitada a autorización. En ningún caso poderán destinarse os edificios, locais e instalacións municipais do concello a diferentes fins daqueles aos que se permitiu o seu uso.

5.2. As persoas designadas como responsables no uso de edificios, locais e instalacións municipais, velarán pola súa limpeza e orde. Despois do seu uso, deberán de deixar o mobiliario e/ou elementos interiores ordeados, as luces apagadas e as portas e fiestras da sala que se ocupe pechadas. Ademáis, deben de comunicar calquera deficiencia ou deterioro que se advirta no espazo autorizado, pódoo en coñecemento do concello de Castrelo do Val.

5.3. Os danos causados nos locais, nos enseres, e nos demais bens mobles existentes no espazo público autorizado serán responsabilidade do titular da autorización e o Concello poderá esixir a súa reparación.

5.4. Deberá respetarse estrictamente o horario de uso do espazo autorizado e, en todo caso, as actividades desenvolveranse sempre dentro do horario establecido por cada autorización, exceptuando actividades extraordinarias para as que se dispoña un horario diferente.



5.5. O uso dos recursos dos que dispoñen os edificios, locais e instalacións municipais estarán sometidos a autorización expresa.

5.6. As persoas designadas como responsables no uso de edificios, locais e instalacións municipais, teñen a obriga de respetar e cumprir o contido concreto e condicións que se fixen na autorización correspondente, así como permitir, en todo momento, o acceso ao espazo utilizado do persoal competente do concello.

5.7. O concello, non se responsabiliza das infraccións que os organizadores podan cometer na actividade publicitaria que do evento se realice, e en concreto, do incumprimento das disposicións contidas nas ordenanzas municipais, e igualmente non responderá das multas e sancións que no seu caso se impoñan.

5.8. O persoal que a entidade autorizada destine para o desenvolvemento das actividades dependerá exclusivamente da mesma, sendo dita entidade a que responderá de cantas obrigas lle veñan impostas da relación, de calquera natureza, que manteña con dito persoal, sin que poda repercutir contra o concello, ningunha multa, sanción ou calquera tipo de responsabilidade que por incumprimento de algunha delas podan impoñerlle os organismos competentes. En calquera caso, indemnizará á Administración de toda cantidade que se vise na obriga a pagar por incumprimento das obrigas asignadas, aínda que lle veña imposto por resolución xudicial ou administrativa.

5.9. Facer constar a colaboración municipal, incorporándose de forma visible o escudo do Concello en toda difusión impresa ou por calquera outro medio que se utilice pola entidade solicitante, en relación coa actividade levada a cabo.

5.10. Queda prohibido o uso dos edificios, locais e instalacións municipais para a realización de actividades que vulneren a legalidade, actividades que fomenten a violencia, o racismo, a xenofobia, a desigualdade de xénero, o desprezo persoal e calquera outra forma de discriminación ou que atenten contra a dignidade humana, así como almacenar nos espazos autorizados, materiais perigosos, insalubres, molestos ou nocivos.

5.11. Aboar, con anterioridade ao comezo do goce das instalacións, os prezos públicos vixentes fixados pola presente ordenanza.

5.12. O Concello non se fai responsable da perda de obxectos persoais, furto,



roubo ou dano polo uso individual ou colectivo dalgunha das instalacións ou participación nas súas actividades, sufridos por quen realice o uso das instalacións.

ARTIGO 6. AUTORIZACIÓNS.

6.1. A autorización de uso, notificarase mediante unha resolución da Alcaldía, de acordo có establecido no artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, debendo tamén de motivarse a denegación, se fose o caso.

6.2. A resolución autorizando o uso establecerá o espazo, datas e horario asignado, aforo máximo dos espazos autorizados, así como as normas xerais e singulares de uso, e será notificada ao solicitante antes da realización da actividade. A tal efecto, éste asinará un duplicado da notificación, que supón a aceptación das condicións establecidas, sendo condición previa ao desenvolvemento da actividade.

6.3. No caso de non poderse celebrar unha actividade autorizada por razóns do solicitante, éste, deberá comunicar ao concello o antes posible a súa anulación.

6.4. A resolución garantizará a indemnización de danos e perxuízos cando deban responder os usuarios polos deterioros que efectivamente se produzan por mal uso de edificios, locais e instalacións municipais cedidas.

6.5. O Concello poderá, ademáis, impoñer condicións particulares con relación ao aforo máximo permitido, restriccións ao acceso de menores ou limitacións derivadas da normativa vixente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas.

6.6. Cando exista máis dunha petición sobre un mesmo edificio, local ou instalación municipal para a mesma data, o concello resolverá o que en cada caso considere oportuno coas solicitudes atendendo, entre outros, aos seguintes criterios:

- 6.7.1. Prioridade pola clase de actividade: cultural, deportes, conferencias, etc..
- 6.7.2. Dispoñibilidade dos edificios, locais e instalacións municipais solicitados.
- 6.7.3. Orde de entrada no rexistro municipal.
- 6.7.4. Destinatarios da actividade.
- 6.7.5. Duración temporal da cesión.



6.7. Facilitaráselle á persoa responsable designada polos titulares da concesión, as chaves e/ou códigos correspondentes para a apertura e peche dos locais, que serán recollidas e/ou facilitadas nas oficinas municipais deste concello, previo rexistro no libro correspondente de control.

6.8. A persoa titular da concesión, ou o representante, no seu caso, será responsable da custodia e a devolución das chaves nas oficinas municipais no prazo indicado na resolución da concesión, ou a maior brevidade posible tras a finalización da actividade, así mesmo ocorrerá cós códigos de apertura e peche de duración determinada, que serán utilizados por conta e risco do responsable da actividade durante a franxa horaria autorizada.

6.9. A persoa solicitante da utilización responderá da devolución de dita chave e absterase de realizar reproducións da mesma, salvo autorización correspondente. No caso de obtención de copias das chaves, todas as copias serán devoltas ao Concello de Castro do Val ao remate do período de uso dos edificios e locais.

6.10. Unha vez finalizado o seu uso, realizarase unha nova comprobación aos efectos do cumprimento das obrigas dos usuarios establecidas nesta ordenanza e demais lexislación vixente.

6.11. O incumprimento das normas recollidas nesta ordenanza ou a alteración de calquera das condicións de uso autorizadas, suporá a anulación da correspondente autorización e, por conseguinte, o cese da actividade, e así comunicarase por escrito aos interesados.

6.12. Calquera uso dos edificios, locais e instalacións municipais estará supeditado ao funcionamento habitual dos servizos públicos e das actividades propias a desenvolver no edificio, local ou instalación.

ARTIGO 7. PREZO PÚBLICO.

Resultando necesario facer uso dos recursos económicos que establece o artigo 2.1.e), do Texto Refundido da Lei 39/88, no que se atopa o prezo público, tramitouse neste concello, o expediente administrativo para a imposición e ordenación do mesmo, aprobando a imposición e ordenación dos prezos públicos polo uso de edificios, locais e instalacións municipais do xeito que figura no devandito acordo e texto regulador.

Están obrigados ao pago dos prezos públicos todas aquelas persoas ou



entidades que vaian realizar uso de edificios, locais e instalacións municipais, sendo suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que fai referencia o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria e quen solicite ou resulten beneficiados da utilización de instalacións municipais.

En atención á natureza do uso ou actividade de que se trate, a obriga de pago do prezo público nace dende o momento de formalización da inscrición, reserva da instalación ou espazo deportivo, entrada na instalación ou prestación do servizo. Nestes casos, a realización do depósito constituirase en requisito inescusable para que se inicie a actividade administrativa dirixida a prestar o servizo ou realizar a actividade. Soamente estarán escusadas da realización do depósito previo as Entidades Públicas Territoriais e os seus Organismos Autónomos de carácter administrativo. O ingreso do depósito previo non autoriza por si mesmo para a realización de actividades suxeitas a licenza, permiso ou autorización, cuxa execución deberá postergarse ata a obtención efectiva do mesmo.

Cando por causas non imputables ao obrigado ao pago do prezo, o servizo ou a actividade non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente. Para estes efectos seguirase o procedemento previsto para a devolución de ingresos indebidos.

O devandito prezo público ven estipulado polos gastos derivados dos usos e suministros de auga e/ou enerxía eléctrica, limpeza das instalacións, e calquera outros gastos engadidos pola apertura dun edificio, local ou instalación municipal.

TÍTULO II. RESPONSABILIDADES, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

ARTIGO 8. RESPONSABILIDADES DOS USUARIOS.

8.1. As persoas usuarias dos edificios, locais e instalacións municipais obxecto de uso, responderán dos danos e perxuízos que pola súa neglixencia se ocasionen nos mesmos.

8.2. Se fosen varios os ocupantes, todos eles responderán conxunta e solidariamente do pago dos prezos públicos, da indemnización dos danos e perxuízos que ocasionen nos locais, instalacións e bens que neles pudesan atoparse e das sancións que, no seu caso, se poidesen impor.

ARTIGO 9. INFRACCIÓNS.

9.1. Segundo o establecido no artigo 140 da Lei 7/1985, de 2 de abril,



reguladora das bases de réxime local, as infraccións clasificaranse en moi graves, graves e leves.

9.2. Serán moi graves as infraccións que supoñan:

9.2.1. Unha perturbación relevante da convivencia que afecte de forma grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos de outras persoas, ao normal desenvolvemento de actividades de toda clase conformes coa normativa aplicable ou á salubridade ou ornato públicos.

9.2.2. O impedimento do uso dun servizo público por outra ou outras persoas con dereito ao seu uso.

9.2.3. O impedimento ou a grave e relevante obstrución ao normal funcionamento dun servizo público.

9.2.4. Os actos de deterioro grave e relevante de equipamentos, infraestructuras, instalacións ou elementos dun servizo público.

9.2.5. Os actos de deterioro grave e relevante de espazos públicos ou de calquera das súas instalacións e elementos, sexan mobles ou inmobles, non derivados de alteracións da seguridade cidadá.

9.2.6. A produción de danos nos locais por importe superior a 7,500,00 euros e/ou que inutilicen o mesmo para o uso público ou den lugar a perxuizos graves no servizo público que se presta no edificio no que se insertan.

9.3. Serán infraccións graves:

9.3.1. Causar danos nos locais, instalacións, equipos e demais bens mobles que se encontren nos locais utilizados e que non se consideren como moi graves.

9.3.2. Realizar reproducións de chaves de acceso aos edificios ou locais utilizados sin autorización municipal.

9.3.3. Non restituir as chaves de acceso ao edificio.

9.3.4. A produción de danos nos locais cando o seu importe oscile entre 1.500,01 e 7.500,00 euros.



9.3.5. O uso dos códigos de acceso ás instalacións de forma irregular.

9.4. Serán infraccións leves:

9.4.1. O retraso na entrega das chaves que non produza o impedimento de uso por outra persoa.

9.4.2. A produción de danos nos edificios, locais e instalacións municipais cando o seu importe non exceda de 1.500,00 euros.

ARTIGO 9. SANCIONES.

9.1. As sanciones a impor en caso de comisión das infraccións arriba indicadas, serán:

- a. Infraccións moi graves: ata 3.000,00 euros.
- b. Infraccións graves: ata 1.500,00 euros.
- c. Infraccións leves: ata 750,00 euros.

9.2. As sancións que poden imporse serán independentes da indemnización de danos e perxuizos que proceda.

DISPOSICION DERRADEIRA ÚNICA.

A presente Ordenanza Municipal entrará en vigor aos vinte días da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Castrelo do Val, 12 de agosto de 2026.

A Alcaldesa,

Asdo. Cristina Gómez Dobarrio.

DOCUMENTO ASINADO DIXITAMENTE NA MARXE



ANEXO I

EDIFICIOS, LOCAIS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS

Os edificios, locais e instalacións susceptibles de uso por parte de persoas físicas e/ou xurídicas obxecto da presente ordenanza son os que a continuación se expresan:

EDIFICIOS, LOCAIS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS
CENTRO MULTIUSOS CASTRELO DO VAL - 32022A031003160001DM
- CANCHA DEPORTIVA
- AULA “ESPELLOS”
- AULA P1.1
- AULA P1.2
- AULA P1.3
CENTRO INTERPRETACIÓN CASTRELO DO VAL - 0798311PG3409N0001HK
INSTALACIONES DO PARQUE DO TERRÓN - 32022A031003160001DM
CONCELLO DE CASTRELO DO VAL - 0797601PG3409N0001YK
- BIBLIOTECA MUNICIPAL
- TELECLUBE
FORNO DE CASTRELO DO VAL - 32022A031003140001DT
NAVE MUNICIPAL CASTRELO DO VAL – 32022A501004100000AW
INSTALACIONES PISCINA CASTRELO DO VAL - 32022A024001660000SH
ANTIGA ESCOLA DE SERVOI - 002000300PG35C0001YL
ANTIGA ESCOLA DE MONTEVELOSO - 000700200PG35B0001IP
ANTIGA ESCOLA DE PEPÍN - 000700800PG35A0001HQ
CASA DO POBO DE NOCEDO DO VAL - 32022A061008660001DY
FORNO DE NOCEDO DO VAL – 32022A061008760001DM
FORNO DE MONTEVELOSO – 32022A070006930001DB
FORNO DE RIBAS – 32022A080002890001DI
FORNO DE FONTEFRÍA - 32022A093006470001DL
FORNO DE PIORNEDO – 32022A106002210001XR
FORNO DE PEPÍN - 32022A502051180001SA
LOCAL SOCIAL DE VEIGA DE NOSTRE - 32022A112006460001XY
LOCAL SOCIAL DE NOCEDO DO VAL – 000909900PG25B0001RY
ANTIGA ESCOLA DE PORTOCAMBA – 001103800PG35H0001EK
LOCAL SOCIAL CAMPOBECERROS – 001403100PG35H0001QK
LOCAL SOCIAL VILAR – 000503000PG35C0001IL
LOCAL SOCIAL FONTEFRÍA – 001606200PG35F0001WM
LOCAL SOCIAL FONTEFRÍA – 32022A093006280000SH
LOCAL SOCIAL SANGUÑEDO - 32022A111006050001XY
VELORIO DE PIORNEDO - 32022A106001680001XH
LOCAL SOCIAL DE PIORNEDO - 002401400PG35D0001YT



ANEXO II

SOLICITUDE DE USO EDIFICIOS, LOCAIS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS

SOLICITANTE			
Nome e apelidos/Razón Social:			☐ DNI ☐ CIF ☐ NIE
REPRESENTANTE		DE CARACTER: ☐ PERSOAL ☐ PROFESIONAL ☐ LEGAL ☐ OUTROS	
Nome e apelidos:			☐ DNI ☐ CIF ☐ NIE
Enderezo a efectos de notificacións:			
CP:	Localidade:	Municipio:	Provincia/Pais:
☐ Enderezo electrónico:			☐ Tel. Móbil:
Autoriza, para maior comodidade, a ser comunicado polos medios sinalados con ☒			

DATOS DA ACTIVIDADE	
ACTIVIDADE PRETENDIDA	
DENOMINACIÓN	
RESPONSABLE OU RESPONSABLES DA ACTIVIDADE	TELÉFONO CONTACTO:

DATOS DO LOCAL SOLICITADO	
ESPAZO SOLICITADO	
DATA DE INICIO E FIN DO USO	
HORARIO DE UTILIZACION	
NUMERO PARTICIPANTES	

Polo presente **DECLARO**, que todos os datos contidos nesta solicitude son certos, e que acompaño, no caso de persoas xurídicas, copia da póliza e/ou recibo de responsabilidade civil necesario, e no caso de persoas físicas, que me fago responsable dos posibles danos persoais e/ou materiais que podan producirse da actividade realizada no edificio, local ou instalación solicitada.

Castrelo do Val, a ____ de _____ de 20 ____

O solicitante,

Asdo.: _____

Ayuntamiento de Castro do Val

RÚA Toural 15, CASTRELO DO VAL. 32625 (Ourense). Tfno. 988419002. Fax: 988419122

